



SOLICITUDES DE PRAZA PARA EDUC. INFANTIL, PRIMARIA e ESO

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- Do 1 ao 20 de marzo
- Cada solicitante **presentará unha única solicitude**, relacionando nela, por orden de preferencia, todos os centros nos que solicita praza. *Esta instancia entregarse no centro que se elixe en primeiro lugar.* As solicitudes de admisión tamén poderán realizarse a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, na aplicación “admisión alumnado”.
- No suposto de que se presente máis dunha solicitude para unha mesma ensinanza no mesmo ou diferentes centros, a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.
- As solicitudes non admitidas neste centro serán remitidas á Comisión de Escolarización coa súa correspondente documentación.
- A solicitude terá que ser asinada por calquera dos titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambos proxenitores, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles. En ambos casos, será necesario presentar xunto coa solicitude a resolución xudicial correspondente para o seu cotexo.

NORMATIVA VIXENTE:

- Orde do 25 de xaneiro de 2017 pola que se modifica a Orde de 12 de marzo de 2013 (DOG 1 febreiro de 2017)
- Decreto 254/2012 do 15 de decembro (DOG 26 de decembro de 2012) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG 15 de marzo de 2013) da Consellería de Cultura, Educación e O.U.

IMPRESOS DE SOLICITUDE:

- Na aplicación Admisión Alumnado: <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>
- Podedes recollelos no Centro: en Secretaría, Conserxería ou descargalos na páxina web: http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/anexo_ii_formulario_de_admision.pdf (Anexo II)

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR COA SOLICITUDE DE ADMISIÓN:

- Documento acreditativo do requisito de idade do/da alumno/a: libro de familia ou DNI (copia e orixinal)
- Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso.
- Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando denegue a súa consulta.

HORARIO DE SECRETARÍA:

- Mañás: de 09:30h. a 13:15h. de luns a venres
- Tardes: de 16 h. a 18 h. de luns a xoves

VISITA ÁS INSTALACIÓNS:

Todos os pais que soliciten praza por primeira vez no Colexio e desexen ver as instalacións poden facelo o seguinte día:

- Luns, día 11 de marzo, ás 18:30 h

DURANTE O PRAZO DE ADMISIÓN DE SOLICITUDES: Coa fin de que o proceso sexa máis xusto e equitativo, non se facilitará información sobre o resto das solicitudes presentadas.

PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS CRITERIOS DO BAREMO
do 25 de marzo ao 5 de abril, ambos inclusive.

No caso de que haxa máis demanda que oferta de prazas escolares, terán que presentar a seguinte documentación xustificativa, se procede:

<p>Acreditación de irmáns matriculados no Centro (só se terán en conta os que vaian continuar escolarizados durante o curso escolar para o que se solicita a admisión)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Copia completa do libro de familia • Certificación do Director ou Titular do Centro
<p>Acreditación de pai, nai ou titor legal coa condición de traballador no Centro:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Contrato de traballo
<p>Acreditación do domicilio familiar na área de influencia do Centro ou na limítrofe</p> <ul style="list-style-type: none"> • Certificado do Padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar. A data de alta deberá ter unha antigüidade mínima dun ano respecto ao inicio do procedemento de admisión e deberá estar expedido dentro do ano natural que corresponda. Se non coincide o domicilio familiar co domicilio fiscal, deberá presentar como documentación complementaria: • Copia do título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como domicilio familiar (escritura de compravenda ou doazón, contrato de aluguer) • Contrato de alta de recibos actualizados de subministros (auga, luz, gas) a nome do solicitante da praza
<p>Acreditación do domicilio laboral do pai, nai ou titor na área de influencia do Centro ou na limítrofe:</p> <p>Traballadores por conta allea:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Documento expedido para o efecto polo empregador e copia do contrato de traballo. <p>No caso de traballadores/as por conta propia:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Alta censal inicial ante a Axencia Estatal de Admón. Tributaria, con todas as posibles modificacións posteriores e altas na Tesourería da Seguridade Social no réxime correspondente. <p>O persoal ao servizo das administracións públicas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Certificación expedida pola xefatura de persoal correspondente.
<p>(*)Acreditación do domicilio fiscal e renda anual da unidade familiar</p> <ul style="list-style-type: none"> • Autorización do pai, nai ou titor para a comprobación por parte da Admón. Educativa do domicilio fiscal e da renda da unidade familiar, asinada coa solicitude de admisión.
<p>(*)Acreditación da condición de familia numerosa:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fotocopia do título oficial en vigor ou do carné familiar galego expedidos pola Consellería de Traballo e Benestar, ou copia da solicitude de recoñecemento ou renovación. Neste último caso, deberá achegar a fotocopia do título, da súa renovación ou do carné, antes da resolución definitiva da admisión no centro que solicita en primeiro lugar.
<p>(*)Acreditación da condición de familia monoparental:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Fotocopia do libro de familia, certificado de convivencia, resolución xudicial de separación, divorcio ou medidas paterno-filiais ou convenio regulador.
<p>(*)Acreditación da condición de discapacidade:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Certificado do ditame sobre discapacidade igual ou superior ao 33% no alumno, pai, nai, titor legal ou irmáns, recoñecida antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes, expedida pola Consellería de Traballo e Benestar, ou, se é o caso, do órgano competente doutras ou doutras administracións públicas.
<p>Acreditación do criterio complementario (Parentesco hasta primeiro grado en liña recta –fillos/as- con antigos/as alumnos/as da Compañía de María).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Certificación por parte do Colexio Compañía de María na que conste o nome do pai ou nai do solicitante e os estudos cursados.

(*) Só cando denegue a súa consulta automática de datos pola Consellería de Educación

CRITERIOS XERAIS DE PRIORIDADE PARA A ADMISIÓN:

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
<ul style="list-style-type: none"> • Existencia de irmáns no Centro: <ul style="list-style-type: none"> - Por un irmán matriculado no centro 8 puntos - Polos segundos e seguintes irmáns matriculados no centro 2 puntos por cada un 	
<ul style="list-style-type: none"> • Pai, nai ou titores legais que traballen no centro (non acumulables) 3 puntos 	
<ul style="list-style-type: none"> • Proximidade do centro ao domicilio familiar: <ul style="list-style-type: none"> - Se o domicilio familiar está na área de influencia do centro 6 puntos - Se o domicilio familiar está en áreas limítrofes á área de influencia do centro 3 puntos 	
<ul style="list-style-type: none"> • Proximidade do lugar de traballo ao centro (non acumulable ao domicilio familiar): <ul style="list-style-type: none"> - Se o lugar de traballo dos pais ou titores legais está na área de influencia do centro 4 puntos - Se o lugar de traballo dos pais ou titores legais está en áreas limítrofes á área de influencia do centro 2 puntos 	
<ul style="list-style-type: none"> • Renda per cápita anual da unidade familiar: <ul style="list-style-type: none"> - Se é inferior a 0,5 veces o IPREM (Indicador público de renda de efectos múltiples) 3 puntos - Se é igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM 2 puntos - Se é igual ou superior a 0,75 e inferior ao IPREM 1 punto - Se é igual ou superior ao IPREM 0 puntos 	
<ul style="list-style-type: none"> • Familia Numerosa <ul style="list-style-type: none"> - Familia numerosa de categoría especial 3 puntos - Familia numerosa de categoría xeral 2 puntos 	

• Familia Monoparental	2 puntos
• Discapacidade:	
- No alumno/a	4 puntos
- No pai, nai ou titor legal	3 puntos
- Nos irmáns do alumno/a	1 punto
• Por criterios criterios complementarios:	
- Parentesco hasta primeiro grado en liña recta –fillos/as- con antigos/as alumnos/as da Compañía de María.....	1 punto

EN CASO DE EMPATE NA PUNTUACIÓN FINAL, resolverase atendendo á maior puntuación obtida en cada un dos referidos criterios atendendo a seguinte orde de prelación:

- Existencia de irmás/áns matriculadas/os no centro
- Nai, pai ou titor que traballe no centro
- Proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo dos pais ou titores.
- Renda anual per cápita da unidade familiar
- Condición de familia numerosa
- Condición de familia monoparental
- Concurrencia de discapacidade na alumna/o, na nai, pai, titor/a, irmá ou nalgún/ha irmán ou irmá do alumnado.
- Criterio complementario: Fillos/as de antigos/as alumnos/as da Compañía de María.
- Se unha vez aplicados estes criterios se mantén o empate, este resolverase aplicando o resultado dun sorteo público, que este ano realizouse o día 27 de febreiro, ás 10:30 h., na Sala de Xuntas B da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional en Santiago. As letras do abecedario que determinarán, correlativamente, a primeira e segunda letra **do primeiro apelido son E e C** e a primeira e segunda do segundo apelido **U e P**. As catro extraccións leváronse a cabo con todas as letras.
Cando os apelidos vaian precedidos de preposicións, conxuncións ou artigos, estes non serán tidos en conta.

SOBRE A RENDA DA UNIDADE FAMILIAR

Renda: Suma das casañas 415 e 435 da declaración da renda do ano 2017.

Esta cantidade dividirase polo número de membros da unidade familiar.

Para a aplicación da puntuación do criterio, utilizarse o Indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) do 2017 que está fixado en 6.454,03€ anuais.

- 3 puntos = Ingresos per cápita inferiores a 3.227,01 €
- 2 puntos = Ingresos per cápita comprendidos entre 3.227,01 € e 4.840,52 €
- 1 punto = Ingresos per cápita comprendidos entre 4.840,52 € e 6.454,03 €
- 0 puntos = Ingresos per cápita superiores a 6.454,03 €

RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS:

- Publicación da relación nominal, **antes do 25 de abril**, no taboleiro de anuncios e na páxina web, de todo o alumnado admitido e non admitido por curso, por orde da puntuación total obtida. En aplicación da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, as persoas interesadas no proceso de admisión poderán consultar as listaxes provisionais coa puntuación desagregada dos criterios de baremo na secretaría do centro.

RECLAMACIÓN:

- A publicación das listaxes provisionais poderá ser obxecto de reclamación no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ante o consello escolar no caso de centros públicos, e ante a titularidade no caso de centros privados concertados.

PUBLICACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS:

- A estimación ou desestimación das reclamacións formuladas fronte as listaxes provisionais, entenderase realizada a través das listaxes definitivas de admitidos e non admitidos.
- A súa publicación farase no taboleiro de anuncios e na páxina web, antes do 15 de maio, ordenadas segundo a puntuación total.
- Estas listaxes definitivas permanecerán expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do centro ata o día de inicio do novo curso escolar.
- As persoas interesadas poderán consultar as listaxes definitivas coa puntuación desagregada dos criterios de baremo na secretaría do centro.

IMPUGNACIÓN DAS LISTAXES DEFINITIVAS DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS:

- Contra a relación definitiva de admitidos e non admitidos, as persoas interesadas poderán formular reclamación ante a persoa titular da xefatura territorial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.
- A resolución da persoa titular da xefatura territorial porá fin á vía administrativa. Na notificación desta resolución á persoa interesada deberá indicarse expresamente, que contra esta cabe interpoñer recurso potestativo de reposición ou recurso contencioso-administrativo, o órgano competente e o prazo para a súa interposición.